DEPUTACIÓN DE LUGO

SESION ORDINARIA DE 29 DE SETEMBRO DE 2026

Presidenta:
Dª. María del Carmen López Moreno

Sres/as Deputados/as:
D. Efrén Castro Caloto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
Dª Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño.
Dª. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D. Héctor Manuel Corujo González
D. José Tomé Roca

Secretario:
D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e nove de setembro de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. Dª. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a señora deputada dona María del Pilar García Porto.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	1/45

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DIA VINTE E OITO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

A Sra. Presidenta pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesións ordinaria celebrada o día vinte e oito de xullo de dous mil vinte e seis, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=1

PARTE RESOLUTIVA

2.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE 2025, INTEGRADA TAMÉN POLA CONTA XERAL DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, E ACOMPAÑADA DAS CONTAS ANUAIS CONSOLIDADAS DE 2025, ELABORADAS DE ACORDO CO DISPOSTO NA ORDE HAC/836/2021, DE 9 DE XULLO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

"Logo de ver a proposta da Sra. Presidenta, do seguinte teor:

"Informada a Conta Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo de 2025 pola Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas o día 29 de maio de 2026 e permanecendo exposta ao público na Secretaría Xeral, por espazo de quince días, e cuxo anuncio de exposición se publicou no Boletín Oficial da Provincia núm. 137, de data 17 de xuño de 2026, e que transcorrido o mencionado prazo, non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións á mesma (segundo certificación que se acompaña no expediente), esta Presidencia propón:

Que sexa informada pola Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas a Conta Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo de 2025, integrada tamén pola Conta Xeral do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, e acompañada das Contas Anuais Consolidadas de 2025, elaboradas de acordo co disposto na Orde HAC/836/2021, de 9 de xullo, e se achegará o informe de auditoría da Conta Xeral do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento do ano 2025. Unha vez

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	2/45

informada someterase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación definitiva, se procede.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, con seis votos a favor e coa abstención dos señores deputados don José Demetrio Salgueiro Rapa, don Luís Fernández Guitián e don Francisco Javier Balado Teijeiro, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta, declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=2

3.-PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CESIÓN GRATUÍTA DE TITULARIDADE DUNHA PARCELA PROVINCIAL A FAVOR DO CONCELLO DE PANTÓN.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a proposta da Sra. Presidenta, a teor do seguinte texto:

"Con data do 23.07.26 o Concello de Pantón presenta escrito no rexistro provincial co número 2026RT015105 no que solicita a cesión da titularidade dunha parcela provincial sita no seu concello que identifica baixo o número de referencia catastral 27041A002000030000AA.

En relación a esta solicitude a Secretaría Xeral e a Sección de Patrimonio emite informe con data 04.09.26 baixo o CSV IV76EGI5ZVHKSRFY6YFMLYRCMM no que estima que o procedemento de cesión gratuíta da titularidade da citada parcela provincial a favor do Concello de Pantón adecuarase a lexislación vixente e poderá someterse á consideración do Pleno Provincial, de conformidade ao seguinte teor:

"ANTECEDENTES:

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	3/45

1. Certificación de inscrición no Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Deputación de Lugo asinada o 11.06.26 baixo o CSV IV76WXINCBO5L66P2FANOISSF4 no epígrafe I, número corenta e nove, folios douscentos corenta e nove ao douscentos cincuenta e dous o denominado inmoble EDIFICACIÓN E LEIRAS EN MAIORGA no que entre outras parcelas se identifica a solicitada polo Concello de Pantón con número de referencia catastral 27041A002000030000AA, superficie e valoración catastral de 21.888 m² e 739,03 €, e cualificación xurídica de ben patrimonial.

2. Non se encontra inscrita no Rexistro da Propiedade segundo información rexistraldo 18.08.26 facilitada polo identificador F68TF53P3 do Colegio de Registradores de la Propiedad y Mercantiles de España a traves da plataforma Registradores de España cos seguintes datos:

"MUNICIPIO: PANTON
POSIBLE TITULAR ANTERIOR: Diputación Provincial de Lugo
OTROS DATOS POSIBLES: Ref catastral 27041A002000030000AA
Ha sido denegada como consecuencia de la siguiente razón: no aparecen fincas coincidentes con esa referencia catastral."

3. Certificación catastral descritiva e gráfica expedida pola Dircción General deCatastro o 20.07.26 na que identifica baixo o núm de referencia catastral 27041A002000030000AA a parcela solicitada a nome desta Deputación de Lugo cunha superficie de 21.888 m² e valor catastral de 739,03 €.

4. Certificación do acordo do Pleno Provincial celebrado en sesión ordinaria o 28.02.2000 que dispón: "Ceder al Ayuntamiento de Pantón el uso 711,92 áreas propiedad de la Diputación provincial en la zona de Maiorga que comprende edificación y fincas con el fin de que dicho Ayuntamiento gestione directamente la financiación del Plan Leader para la obra de " Recuperación medioambiental de la ribera del Miño en la zona de Maiorga", en la que se contemplan las actuaciones antedichas, por un plazo de veinticinco años".

5. Este acordo condicionaba a cesión a que ó Concello xestionase directamente o financiamento do Plan Leader para a "Recuperación medioambiental da ribeira do Río Miño na zona de Maiorga". Esta condición na actualidade, xa non xustifica a prórroga da cesión polo que, rematado o prazo de vinte e cinco anos o 27.02.2025, acordados polo Pleno desta Corporación, a cesión está finalizada.

RÉXIME XURÍDICO,

Con carácter xeral, e sen prexuízo da aplicación da demais lexislación xeral, sectorial ou de carácter supletorio que sexa aplicable nesta materia, está presidido por:

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	4/45

- Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lexislación básica e de aplicación xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.-
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.
- A lexislación autonómica de réxime local Lei 5/97 do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e a Lei 6/2023 de 2 de novembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lexislación non básica da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto.
- E supletoriamente a Lei 9/2017, do 8 do novembro, de Contratos do Sector Público e demais normativa xeral de carácter administrativo ou civil.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS,

Tendo en conta que o obxecto do procedemento consiste na cesión gratuíta da titularidade dun ben inmoble provincial a favor doutra Administración Pública, sinálase:

- En relación coa parcela interesada

A teor do escrito presentado polo concello de Pantón no rexistro provincial e asinado o 20.07.26 polo seu Alcalde Presidente baixo o CSV IV764G3SNHW7LDG2YRI5O5AGA4 a solicitude expresa:

O Concello de Pantón SOLICITA:
Que por parte da Excma. Deputación Provincial de Lugo ceda a propiedade da parcela onde se sitúa o Pantalán de A Maiorga para poder asinar o Convenio de Colaboración coa Confederación Hidrográfica do Miño Sil.

A inscrición desta parcela que se identifica coa referencia catastral núm 27041A002000030000AA no Libro de Inventario de bens provinciais e a titularidade catastral é a favor desta Deputación de Lugo.

E aínda que está pendente a regularización rexistral a favor desta Deputación de Lugo esta circunstancia non resulta impedimento para a continuidade do presente procedemento a teor do contido do artigo 125.2 do Regulamento da Lei 33/2003,

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	5/45

aprobado polo Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto: "Podrán ser objeto de cesión los bienes no regularizados física o jurídicamente, siempre que estas circunstancias se pongan en conocimiento del cesionario y éste asuma la obligación de realizar las actuaciones necesarias para su regularización".

- En relación coa finalidade da solicitude

A solicitude formulada polo Concello expresa a necesidade de acceso ao pantalán que hai sobre o Río Miño sendo o seu único acceso a través da parcela solicitada, referencia núm. 27041A002000030000AA nos seguintes termos:

Visto que o Concello de Pantón non posúe a titularidade do pantalán ubicado no Río Miño, ao que se accede a parcela de referencia catastral "27041A002000030000AA".

Visto que a propiedade da parcela de acceso ao Pantalán de A Maiorga é da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Visto que o Concello de Pantón ten previsto asinar un Convenio de Colaboración coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para remodelar o mencionado Pantalán.

Visto que un dos requisitos esixidos para a remodelación é posuír a propiedade do mesmo e por conseguinte, o Concello de Pantón non poderá asinar o Convenio anteriormente mencionado.

Maquinaria e o Persoal necesario para o equipo de rego das vías municipais que posúe o Concello.

Visto que na época estival que nos encontramos, o aumento paulatino dos turistas, familias e veciños/as do Municipio que van diariamente á Área Recreativa.

Sobre o citado pantalán forma parte do expediente o certificado expedido pola Secretaria Xeral desta Deputación de Lugo o 29.03.22 baixo o CSV IV7CEHLJPJEYRDVDSVNSCPTAKQ co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Que o pantalán ubicado no río Miño (A Maiorga) ao que se accede desde a parcela de referencia catastral 27041A0020000300000AA non é de titularidade da Deputación Provincial de Lugo.

SEGUNDO.-O pantalán ubicado no río Miño ao que se accede desde a parcela de referencia catastral 27041A0020000300000AA, e propiedade do Concello de Pantón.

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	6/45

TERCEIRO:-O Pleno da Deputación Provincial , en sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2.000 APROBA A CESIÓN DE USO AO CONCELLO DE PANTÓN DE EDIFICACIÓN E PARCELAS.

Solicitado informe ao Concello de Pantón:

…"Que o pantalán ubicado no Rio Miño ao que se accede dende a parcela de referencia catastral 27041A0020000300000AA, é propiedade do Concello de Pantón".

Ata a data en virtude do citado acordo de cesión acadado polo Pleno Provincial o 28.02.2000 o Concello de Pantón gozaba da cesión desta parcela entre outras, polo que non existía impedimento o acceso a este pantalán.

Tendo en conta que no exercicio das competencias desta Deputación de Lugo o desenvolvemento dos intereses provinciais tamén se estende ao desenvolvemento dos intereses dos concellos que forman parte da súa provincia, primando o principio de colaboración e coordinación entre administracións cando mais, como no presente caso, concorren ademais do territorio, os intereses municipais e provinciais, o que facilitará o establecemento para o Concello dunha folla de ruta que inclúa as previsións de tempos e desenvolvemento das distintas etapas neste novo proxecto cuxa finalidade pública redundará en beneficio dos habitantes de toda provincia e en particular dos veciños do seu municipio.

- En relación ao procedemento

A Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local. Artigo 47.2.ñ. Para a adopción dun acordo de cesión gratuíta de bens a favor doutras Administracións Públicas se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno.

A Lei 5/1997 22 xullo reguladora da Administración local de Galicia . Artigo 276 dispón que os bens inmobles patrimoniais poderán cederse gratuitamente a favor doutras Entidades Públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal.

A Lei 33/2003 do 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas. Artigo 145.4 e 148 dispón que cando a cesión (gratuíta) teña por obxecto a propiedade do ben solo poderán ser cesionarios, entre outros, as entidades locais quedando vinculados ao fin que o xustificou a cesión.

O Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais. Artigo 109 e 110. . Formarán parte do expediente os seguintes documentos:

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	7/45

a. Xustificación documental pola propia entidade solicitante do seu carácter público e Memoria demostrativa de que os fins que persegue deben redundar de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do termo municipal.

b. Certificación do Rexistro da Propiedade acreditativa da inscrición.

c. Certificación da Secretaria da Corporación na que conste que os bens figuran no Inventario aprobado pola Corporación en concepto de patrimoniais da Entidade Local.

d. O presente informe refire que os bens non se achan comprendidos en ningún Plan de Ordenación, reforma ou adaptación, non son necesarios para a Entidade Local nin é previsible que o sexa nos dez anos inmediatos.

e. De seguido, emitirase informe de Intervención no que se manifeste que non hai débeda pendente de liquidación con cargo ao Orzamento provincial e a porcentaxe que respecto ao dito orzamento supón a valoración do ben.

f. O expediente someterase a período de información pública.

g. A cesión gratuíta de bens debe ser aprobada polo Pleno da Corporación por maioría absoluta do número legal de membros segundo artigo 47.2.ñ) da Lei 7/1985 de 9 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 110 Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

h. Notificarase a cesión gratuíta á Comunidade Autónoma a efectos de que teñan coñecemento da mesma.

- En relación ao cumprimento da finalidade que xustifica a presente solicitude

A teor do artigo 111 do Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, se no Acordo de cesión non se estipula outra cousa, entenderase que os fins para os cales se outorgaron deberán cumprirse no prazo máximo de cinco anos, debendo manterse o seu destino durante os trinta anos seguintes. Os bens cedidos reverterán, no seu caso, ao patrimonio da Entidade cedente con todas as súas pertenzas e accesións.

Engade o artigo 150 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas que no suposto de resolución da cesión serán de conta do cesionario o detrimento ou deterioro sufrido polos bens cedidos sen que sexan

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	8/45

indemnizables os gastos nos que incorrera para cumprir as cargas ou condicións impostas.

- En relación á formalización do acordo

A lei patrimonial non prevé con carácter básico a necesidade de formalizar en escritura pública as cesións gratuítas de inmobles a favor outras administracións (artigo 113.2).

Non obstante, non existe inconveniente, no seu caso, en formalizar mediante escritura pública a presente transmisión do dominio que será o título inscribible no Rexistro da Propiedade correspondente.

- En relación ao órgano competente

O Pleno Provincial en aplicación do nº 23 do artigo 57 do seu Regulamento Orgánico ten competencia en materia de cesión gratuíta de bens e dereitos a outras administracións públicas.

Por último se recorda a preceptiva a sinatura da Secretaria Xeral e ademais, e no seu caso, informe da Intervención Provincial en cumprimento dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional."

A Intervención Provincial o 16.09.26 baixo o CSV IV76GHIYBH7DIVNL7RVMIDRPMA asina informe no que entre outro contido expresa:

Tendo en conta que os recursos ordinarios do orzamento provincial ascenden a 127.409.030,21 €, e constatando que non consta valoración da parcela distinta do seu valor catastral (739,03 €), o importe do negocio non supera o límite do 10% dos devanditos recursos ordinarios (...)

(...) que non consta ningunha débeda pendente de liquidación nin obrigas pendentes de pago con cargo ás aplicacións do orzamento municipal, figurando a devandita parcela ao corrente da totalidade das súas obrigas.

E conclúe: Esta Intervención considera que non existen consideracións no ámbito das súas funcións de control interno que obstaculicen a tramitación do expediente de

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	9/45

aprobación de cesión de titularidade dunha parcela propiedade do ente provincial a favor do Concello de Pantón (...).

Polo exposto, en aplicación do nº 23 do artigo 57 do Regulamento Orgánico Provincial, PROPONSE AO PLENO PROVINCIAL:

1º.- Aprobar o inicio do procedemento da cesión gratuíta da titularidade a favor do Concello de Pantón da parcela situada nese concello identificada co número de referencia catastral, 27041A0020000300000AA para dar acceso ao pantalán ubicado no río Miño de titularidade municipal.

O presente acordo se entenderá elevado a definitivo transcorrido o prazo de información pública, sen alegacións.

2º.- Determinar que será de conta do Concello de Pantón todos os gastos conducentes á consecución da finalidade promovida.

3º.- Dar traslado do presente acordo ao peticionario, aos efectos da aceptación da transmisión da titularidade do referida parcela e posterior formalización en documento público.

4º.- Proceder, no seu caso, á baixa no Libro Inventario Provincial."

Neste punto o Sr. Deputado non adscrito D. José Tomé Roca manifesta que non ten ningunha dúbida acerca da legalidade do procedemento de cesión gratuíta da titularidade da mencionada parcela, pero sí sobre unha posible implicación do acordo en bens de titularidade provincial.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor deputado non adscrito D. José Tomé Roca, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=3

4.-PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CESIÓN GRATUÍTA DE TITULARIDADE DO INMOBLE PROVINCIAL DENOMINADO "A CASOA DO INCIO" A FAVOR DO CONCELLO DE O INCIO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	10/45

“Logo de ver a proposta da Sra. Presidenta, a teor do seguinte texto:

“Con data do 24 de xullo de 2026, o Concello de O Incio presenta escrito, no Rexistro Provincial, baixo o número 2026RPE012071, mediante o que solicita a cesión da propiedade da denominada “Casona do Incio”, sita na Cruz de O Incio,

A Secretaría Xeral emitiu informe que textualmente di o seguinte:

“ 1. En relación coa situación xurídica das parcelas solicitadas

A teor do escrito presentado polo concello de O Incio no rexistro provincial e asinado o polo seu Alcalde Presidente, baixo o Cod. Validación: A6KG66LY36J6EMWFJJDZK23QH, a solicitude expresa:

A Casona do Incio é un edificio emblemático propiedade da Excma. Deputación Provincial de Lugo situado na capitalidade da Cruz do Incio, cun importante valor etnográfico e cultural, que ao longo do tempo acolleu diferentes usos (residencial, casino, restaurante, carpintería…), e que na actualidade e dende hai máis de 20 anos se atopa sen uso definido e en situación ruinosa.
(...).
Polo exposto,
SOLICITO:
(...) acorde a cesión da propiedade da Casona do Incio en favor do Concello do Incio para a súa recuperación (...)

Respecto da titularidade deste inmoble e parcelas que conforman o conxunto da Casona do Incio, é preciso poñer de manifesto que o propietario orixinario foi a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA), pero ditas parcelas, na actualidade, son de titularidade provincial e están incorporadas ao Libro de Inventario de Bens e Dereitos desta Deputación de Lugo, da que consta expedida a Certificación da Secretaría Xeral, , na que se revela a natureza xurídica como ben patrimonial e a valoración actual de corenta e catro mil oitocentos vinte e tres euros con setenta céntimos (44.823,70€), que está incorporada no expediente.

Esta actuación que pretendía desenvolver o polígono de actuación P1, incluído no Plan Xeral do Concello de O Incio, para a rehabilitación dun conxunto urbano co fin de destinalo a un uso dotacional, foi aprobada polo Consello de Administración da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA), en sesión celebrada en data de 20 de outubro de 2006.

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	11/45

En execución deste acordo a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) adquiriu, mediante expropiación os terreos que conforman o conxunto da Casona do Incio.

O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo , en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, os seguintes acordos:
"...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.

A aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís nas condicións establecidas no informe de intervención provincial de data de 20 de novembro de 2020.

A incorporación ao inventario provincial dos bens e dereitos nos que se subroga, de acordo con informe emitido pola Sección de Inventario, en data de 19 de novembro de 2020."

A extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, acordada polo Pleno da Deputación Provincial, en Sesión Extraordinaria, celebrada en data de 30 de novembro de 2020, mediante a cesión de activo e pasivo, consonte o artigo 83 da Lei 3/20019, de 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís implica a subrogación da Deputación Provincial de Lugo na posición xurídica de SUPLUSA respecto dos dereitos e obrigas das que esta era titular.

Desde esa data ata a actualidade desde a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) e, con posterioridade, desde a Deputación Provincial de Lugo leváronse a cabo diversas actuacións de limpeza e mantemento deste inmoble.

Identifícanse seis parcelas provinciais baixo a descrición catastral seguinte:

REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE/VALOR
4240312PH3244S0001JI	superficie gráfica 680 m2 superficie construída 8 m2 valor catastral 4.314,48 €
4240313PH3244S0001EI	superficie gráfica 93 m2 superficie construída 146 m2 valor catastral 8.058,20 €
4240314PH3244S0001SI	superficie gráfica 146 m^2 superficie construída 99 m^2 valor catastral 2.345,71 €

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	12/45

4240315PH3244S0001ZI	superficie gráfica 148 m² superficie construída-- valor catastral 1.010,39 €
4240316PH3244S0001UI	superficie gráfica 639 m² superficie construída 968 m² valor catastral 64.086,36
4240323PH3244S0001BI	superficie gráfica 495 m² superficie construída 626 m² valor catastral 24.026,12 €

Non se atopan inscritas no Rexistro da Propiedade, tal como se deduce da información remitida, notas simples negativas, do Rexistro da Propiedade de Sarria – Becerreá.

Consta no expediente o pago do IBE correspondente a estas parcelas, en data de 17 de novembro de 2025.

E aínda que está pendente a regularización rexistral, a favor desta Deputación de Lugo, esta circunstancia non resulta impedimento para a continuidade do presente procedemento a teor do contido do artigo 125.2 do Regulamento da Lei 33/2003, aprobado polo Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto: "Podrán ser objeto de cesión los bienes no regularizados física o jurídicamente, siempre que estas circunstancias se pongan en conocimiento del cesionario y éste asuma la obligación de realizar las actuaciones necesarias para su regularización".

Por outra banda, e á vista do exposto, as citadas parcelas que foron incorporadas ao patrimonio provincial como resultado da aceptación da cesión universal por esta entidade provincial de todo o activo e pasivo da extinta SUPLUSA e non están incluídas en ningún plan de actuación provincial elaborado ata a data.

2. En relación coa finalidade da solicitude

A solicitude formulada polo Concello expresa o interese na recuperación e posta en valor desta edificación singular e, así mesmo, expresa que, considerando este Concello que se debe dar unha solución viable para a recuperación deste espazo, e con base nos acordos plenarios adoptados ao efecto nos últimos tempos, esta Administración elaborou un anteproxecto de recuperación da Casona do Incio e o seu entorno. O proxecto proposto é unha solución realista e economicamente axustada que contribuiría a poñer en valor este espazo, mellorando o desenvolvemento social, o equilibrio territorial, o desenvolvemento turístico e a mellora de servizos no Incio.

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	13/45

3. En relación coa motivación da cesión

No exercicio das competencias desta Deputación de Lugo, como é o desenvolvemento dos intereses provinciais, tamén se estende ao desenvolvemento dos intereses dos concellos que forman parte da súa provincia, primando o principio de colaboración interadministrativa e a optimización dos recursos públicos.

A motivación legal e técnica desta cesión susténtase nos principios referidos, este conxunto denominado "Casona do Incio" cédese porque, o Concello conta, de acordo co exposto, conta cun proxecto específico que beneficia directamente aos veciños que fomentará o desenvolvemento local, reactivando a economía da zona, mellorando o entorno e dotando ao municipio de novas infraestruturas. Concorren, así, ademais do territorio os intereses municipais e provinciais, o que facilitará o establecemento para o Concello dunha folla de ruta que inclúa as previsións de tempos e desenvolvemento das distintas etapas neste novo proxecto.

4. En relación ao réxime xurídico aplicable

Con carácter xeral, e sen prexuízo da aplicación da demais lexislación xeral, sectorial ou de carácter supletorio que sexa aplicable nesta materia, está presidido por:

- Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lexislación básica e de aplicación xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.-
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.
- A lexislación autonómica de réxime local Lei 5/97 do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e a Lei 6/2023 de 2 de novembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lexislación non básica da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto.
- E, supletoriamente, a Lei 9/2017, do 8 do novembro, de Contratos do Sector Público e demais normativa xeral de carácter administrativo ou civil.

5. En relación ao procedemento

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 47.2.ñ. para a adopción dun acordo de cesión gratuíta de bens, a favor doutras

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	14/45

administracións públicas, require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno.

A Lei 5/1997, de 22 xullo, da Administración Local de Galicia, no seu artigo 276, dispón que os bens inmobles patrimoniais poderán cederse gratuitamente a favor doutras entidades públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal.

A Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, nos artigos 145.4 e 148, dispón que cando a cesión (gratuíta) teña por obxecto a propiedade do ben solo poderán ser cesionarios, entre outros, as entidades locais quedando vinculados ao fin que o xustificou a cesión.

O Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais nos artigos 109 e 110 dispón que formarán parte do expediente os seguintes documentos:

A) Xustificación documental pola propia entidade solicitante do seu carácter público e Memoria demostrativa de que os fins que persegue deben redundar de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do termo municipal.

B) Certificación do Rexistro da Propiedade acreditativa da inscrición.

C) Certificación da Secretaria da Corporación na que conste que os bens figuran no Inventario aprobado pola Corporación en concepto de patrimoniais da Entidade Local.

D) O presente informe refire que os bens non se achan comprendidos en ningún Plan de Ordenación, reforma ou adaptación, non son necesarios para a Entidade Local nin é previsible que o sexa nos dez anos inmediatos.

E) De seguido, emitirase informe de Intervención no que se manifeste que non hai débeda pendente de liquidación con cargo ao Orzamento provincial e a porcentaxe que respecto ao dito orzamento supón a valoración do ben.

F) O expediente someterase a período de información pública.

G) A cesión gratuíta de bens debe ser aprobada polo Pleno da Corporación por maioría absoluta do número legal de membros segundo artigo 47.2.ñ) da Lei 7/1985 de 9 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 110 Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	15/45

H) Notificarase a cesión gratuíta á Comunidade Autónoma a efectos de que teñan coñecemento da mesma.

6. En relación ao cumprimento da finalidade que xustifica a presente solicitude

A teor do artigo 111, do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, se no acordo de cesión non se estipula outra cousa, entenderase que os fins para os cales se outorgaron deberán cumprirse no prazo máximo de cinco anos, debendo manterse o seu destino durante os trinta anos seguintes. Os bens cedidos reverterán, no seu caso, ao patrimonio da Entidade cedente con todas as súas pertenzas e accesións.

Engade o artigo 150, da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, que no suposto de resolución da cesión serán de conta do cesionario o detrimento ou deterioro sufrido polos bens cedidos sen que sexan indemnizables os gastos nos que incorrera para cumprir as cargas ou condicións impostas.

7. En relación á formalización do acordo

A lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, non prevé con carácter básico a necesidade de formalizar en escritura pública as cesións gratuítas de inmobles a favor outras administracións (artigo 113.2).

Non obstante, non existe inconveniente, no seu caso, en formalizar mediante escritura pública a presente transmisión do dominio que será o título inscritible no Rexistro da Propiedade correspondente.

8. En relación ao órgano competente

O Pleno Provincial, en aplicación do nº 23 do artigo 57 do seu Regulamento Orgánico, ten competencia en materia de cesión gratuíta de bens e dereitos a outras administracións públicas.

Por último se recorda a preceptiva a sinatura da Secretaria Xeral e ademais, e no seu caso, informe da Intervención Provincial en cumprimento dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	16/45

De conformidade ao exposto estímase que o presente procedemento de cesión gratuíta da titularidade da denominada Casona do Incio a favor do Concello de O Incio adecúase á lexislación vixente e poderá someterse á consideración do Pleno Provincial."

A Intervención Provincial en data de 21 de setembro de 2026, baixo o CSV IV76HUKINZ5C5DHOYJAUCFSDKQ asina informe no que entre outro contido expresa:

O importe do negocio non supera o límite do 10% dos devanditos recursos ordinarios. De conformidade coa Disposición Adicional 2ª.9 da LCSP, a determinación do órgano competente debe integrarse coa natureza do negocio xurídico pretendido, cuxa validez e eficacia requiren da aplicación do artigo 110 do RBEL. En aplicación das citadas normas e de acordo co apartado nº 23 do artigo 57 do Regulamento Orgánico, a competencia en materia de cesión gratuíta de bens e dereitos a favor doutras administracións públicas correspóndelle ao Pleno da Corporación.

(...)Examinada a contabilidade municipal e os antecedentes do expediente relativos á dita parcela, fase constar expresamente que non consta ningunha débeda pendente de liquidación nin obrigas pendentes de pago con cargo ás aplicacións do orzamento municipal, figurando a devandita parcela ao corrente da totalidade das súas obrigas.

E conclúe que "... En atención ao exposto, esta Intervención considera que non existen consideracións no ámbito das súas funcións de control interno que obstaculicen a tramitación do expediente de aprobación de cesión de titularidade dunha parcela propiedade do Ente Provincial denominado a Casona do Incio a favor do Concello de O Incio, sen prexuízo da súa inclusión nas actuacións de control financeiro posterior mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría."

Polo exposto, en aplicación do nº 23 do artigo 57 do Regulamento Orgánico Provincial, PROPONSE AO PLENO PROVINCIAL:

1º.-. Aprobar o inicio do procedemento da cesión gratuíta da titularidade a favor do Concello de O Incio das seguintes parcelas incluídas no conxunto "Casona de O Incio"

REFERENCIA CATASTRAL
4240312PH3244S0001JI
4240313PH3244S0001EI
4240314PH3244S0001SI
4240315PH3244S0001ZI
4240316PH3244S0001UI
4240323PH3244S0001BI

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	17/45

O presente acordo se entenderá elevado a definitivo transcorrido o prazo de información pública, sen alegacións.

2º.-. Tramitar o correspondente convenio con Concello conducente ao financiamento do inicio dos traballos de recuperación da Casona, por importe de 250.000 €.

3º.-. Determinar que será de conta do Concello de O Incio todos os gastos conducentes á consecución da finalidade promovida.

4º.-Dar traslado do presente acordo ao peticionario, aos efectos da aceptación da transmisión da titularidade do referida parcela e posterior formalización en documento público.

5º.-Proceder, no seu caso, á baixa no Libro Inventario Provincial."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=4

--oo0oo—

5.- PROPOSTA DE GOBERNO EN DEFENSA DO MANTEMENTO E MELLORA DOS SERVIZOS NO ENSINO PÚBLICO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a proposta de goberno a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

"A Deputada Provincial Dª. Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dª Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno en defensa do mantemento e mellora dos servizos no ensino público.

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	18/45

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ensino público vén de coñecer recentemente os resultados do informe PISA no ensino en Galiza derivados dos recortes que colocan ao noso País nos últimos lugares en investimento no ensino do Estado, e que nos leva a un problema moi grave de funcionamento do sistema educativo galego en canto á formación dos mozos e mozas deste País, que son o noso presente e futuro.
O informe PISA pon en evidencia que é necesario cambiar cousas na política educativa, xa que leva sufrindo recortes moi importantes nos últimos anos que se deixan sentir neste informe. Neste momento, a Xunta de Galicia levounos a un punto no que o ensino galego é un dos que menos inversión pública se destina por habitante, estamos falando de 1.055 euros, unha cifra moi por debaixo da media do Estado.

Por outra banda, temos uns datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) que son alarmantes e demoledores, estamos falando de que a xeración educada baixo o decreto do plurilingüismo é a que menos fala galego da nosa historia, que hai máis da metade que nunca falan en galego e, un dato moi grave, é que un de cada tres mozos e mozas que saen deste sistema educativo din que non saben falar galego. O propio IGE constata que o galego é a única lingua de todo o Estado que está perdendo falantes. Non podemos permitir que nos rouben o dereito e a liberdade de poder utilizar a nosa lingua con normalidade xa que é clave para o futuro do noso País.

Dende o comezo deste mandato estamos denunciando moitas decisións políticas por parte da Xunta que afectan negativamente á calidade e á equidade do sistema educativo, e que se fan sentir con especial intensidade na provincia de Lugo.

Os problemas que sofre o ensino galego non se resolven coa maquillaxe de cifras falsas que tanto o Presidente da Xunta Alfonso Rueda como o Conselleiro de Educación Román Rodríguez insisten en repetir de xeito continuado para tapar a realidade do deterioro do ensino público galego.

Do anunciado por parte da Xunta, como incremento en 100 especialistas de Pedagoxía Terapéutica, quedou reducida a 5, ademais da redución de 114 vacantes menos en Primaria en relación ao curso pasado.

Outra das eivas no ensino é o número de vacantes que se adxudican con materias afíns, así case a terceira parte das prazas provisionais teñen que impartir afíns, ámbitos, itinerar entre centros ou teñen perfil bilingüe, o que supón unha maior

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	19/45

esixencia para a preparación das clases e un empeoramento das condicións laborais e da calidade educativa.

O inicio de cada curso escolar convértese nunha pura improvisación por parte da Xunta de Galiza; A menos de 24 horas do inicio do curso quedaban 1.150 vacantes sen cubrir.

Na provincia de Lugo constatouse falta de persoal, ademais de en Begonte, no CEIP de Guntín e unha redución da oferta formativa na FP no IES Lois Peña Novo de Vilalba e IES Sanxillao de Lugo, ou a posta en marcha de programas formativos sen ningún tipo de material nin recursos como no CEE Santa María; no que respecta a obras, o CEIP Vista Alegre de Burela é outro caso máis e que leva anos demandando que atendan as deficiencias que existen con informes técnicos que así o corroboran, facendo a Xunta de Galicia caso omiso a estas demandas.

Por todo o exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos e de dar traslado aos mesmos.

ACORDOS:

1. Instar á Consellería de Educación a derrogar o Decreto do Plurilingüismo e a implantación dun modelo educativo que teña o galego como lingua vehicular e de aprendizaxe en todas as etapas do ensino, e aumentar o orzamento que destinan ao galego para frear o seu deterioro.

2. Dotar aos centros do persoal suficiente e necesario e con especialistas en cada unha das materias, coa suficiente anticipación para non causar incertidume nas familias do alumnado e nos equipos directivos coa organización do inicio de cada curso.

3. Atender á demanda de obras necesarias e urxentes dos centros educativos da Provincia de Lugo.

4. Instar á Consellería de Educación a establecer un plan específico para a mellora do ensino público na provincia de Lugo, que teña en conta as particularidades territoriais, demográficas e socioeconómicas desta provincia."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	20/45

favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, da o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, a Presidenta manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, da o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes aos/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e ao señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade da Presidenta, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=5

6.-MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A ATENDER AS NECESIDADES EDUCATIVAS DO CEIP VIRXE DO CORPIÑO DE BEGONTE FORMULADAS POLAS FAMILIAS E OS DOCENTES.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

"A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción para instar á Xunta de Galicia a atender as necesidades educativas do CEIP Virxe do Corpiño de Begonte formuladas polas familias e os docentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	21/45

Dentro da falla de planificación da xestión educativa do Partido Popular, a situación do concello de Begonte marca un pico de despropósitos difícil de igualar. É como se neste recuncho de Lugo, o goberno conservador desenvolvese un proxecto experimental para ver cantos erros consecutivos se poden cometer e de cantos xeitos diferentes se pode esgotar a paciencia de alumnado, familias e mestres: peches de colexios; edificios educativos que cambian de uso polo capricho do alcalde; alumnos que marchan cara outros concellos; falla de persoal docente; incumprimento das ratios por aula; ameazas ás familias.

A situación actual no "Virxe do Corpiño" é ben coñecida, gracias ás queixas manifestadas polas familias e os docentes. O centro conta cun total de 27 alumnos de educación infantil, agrupados en dúas aulas multinivel, de 3, 4 e 5 anos. Un dos nenos ten necesidades educativas especiais, así que de acordo ca normativa autonómica, ese alumno computa como tres, elevando o número total de alumnos de primaria a ter en conta a 29. Isto arroxa 14 e 15 alumnos por aula, pero a propia lexislación autonómica, no artigo 41 da Lei 5/2024 de 27 de decembro estipula que en caso de aulas multinivel, o número de alumnos no segundo ciclo de infantil non pode ser superior a 14, debendo baixar a 12 se na aula se inclúen nenos de 3 anos.

Non é a primeira vez que o PP ignora as súas propias disposicións legais, e paga a pena sinalar que as modificacións lexislativas da Lei 5/2024, coñecida como lei de acompañamento dos orzamentos, foron introducidas ás agochadas, para incumprir os acordos sobre ratios máis ambiciosos pactados pola Xunta cos sindicatos educativos apenas uns meses antes. Ou sexa, que o PP é tan desleal que incumpre os acordos con axentes sociais en canto pode, e tan torpe que as rectificacións que fai en solitario tampouco lle valen. Porque o que a comunidade educativa de Begonte lle está a pedir á Xunta e que cumpra cos criterios que deseñou en solitario, como "plan de mínimos", para non facer o que pactara cos sindicatos.

De xeito aínda máis lamentable, o PP parece ignorar tamén o articulado da Constitución, e ten incluso presuntamente trasladado ós pais e nais que facían folga reclamando melloras educativas, a súa intención de acudir á Fiscalía de menores e denunciar a falla de asistencia dos alumnos a clase. Un comportamento lamentable, que perverte a finalidade da Fiscalía, que criminaliza a uns pais que so queren o mellor para os seus fillos e que di moito de como o PP pretende instrumentalizar as institucións para tapar as súas eivas de xestión e darlle a volta á realidade.

Os socialistas lucenses levamos anos defendendo a educación pública en Begonte. De xeito especial dende o 23 de xaneiro de 2021, cando o alcalde, José Ulla, aprobou a supresión do CEIP de Baamonde. A Xunta e o Concello tentaron vender aquel peche como unha fusión que ía supoñer unha mellora na educación que os nenos ían recibir no CEIP Virxe do Corpiño. A día de hoxe, por desgraza, comprobamos que todo eran

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	22/45

mentiras. Que a unificación de estudantes ten xerado masificación; que o centro non conta co persoal axeitado, e que Xunta e Concello desprezan ós pais do Virxe do Corpiño como desprezaron hai cinco anos ás familias de Baamonde.

O acceso á educación é un dereito básico de nenos e nenas. Garantir unha educación pública de calidade no rural é imprescindible, non só para garantir a igualdade de dereitos constitucionais, senón como primeiro paso para garantir o equilibrio territorial. E como dixemos en 2021, pechar escolas no rural non pode ser nunca unha mellora educativa. Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista presenta ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a seguinte proposta de acordos:

1. Instar á Xunta a atender as demandas trasladadas pola ANPA e pola comunidade educativa do CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño de Begonte e garantir unha dotación de persoal docente suficiente para atender adecuadamente as necesidades do alumnado durante o curso 2026/2027.

2. Autorizar os recursos docentes necesarios para facer posible o desdobramento da etapa de Educación Infantil, tendo en conta tanto o número de alumnas e alumnos matriculados como o cómputo correspondente ao alumnado con necesidades educativas especiais.

3. Garantir que o reforzo de Pedagoxía Terapéutica destinado ao centro permita unha atención efectiva e suficiente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, sen que a cobertura das necesidades dunha etapa implique deixar sen atención suficiente as existentes noutra".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, da o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular).

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	23/45

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, a Presidenta manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, da o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes aos/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade da Presidenta, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=6

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA UN MODELO DE RESIDENCIAS 100% PÚBLICO E O FINANCIAMENTO DA REDE PROVINCIAL DE RESIDENCIAS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

"A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción para esixir á Xunta de Galicia un modelo de residencias 100% público e o financiamento da rede provincial de residencias da Deputación de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A provincia de Lugo é unha das máis avellentadas de Galicia: o 33,7 % da súa poboación supera os 60 anos, seis puntos por riba da media galega. E, ao tempo, é a provincia con menos prazas residenciais da comunidade. Ese desequilibrio —máis maiores e menos recursos— é o contexto no que hai que xulgar o que fai cada administración.

A atención ás persoas maiores e dependentes é, por lei, unha competencia da Xunta de Galicia, segundo a Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, que lle atribúe o liderado, a planificación e o financiamento do sistema. E, aínda así, a Xunta leva máis de dúas décadas sen construír unha soa residencia pública nesta provincia.

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	24/45

Ante ese baleiro, a Deputación de Lugo asumiu unha responsabilidade que non lle corresponde. Hoxe conta con nove residencias públicas en funcionamento e outras oito en construción ou proxectadas —dezasete en total—, con 47 millóns de euros mobilizados entre 2019 e 2026. Na súa maioría, están situadas en concellos do rural onde, sen residencia pública, os nosos maiores terían que marchar para rematar a vida lonxe da súa casa e da súa xente. Unha praza preto do fogar é a diferenza entre envellecer na propia terra ou fóra dela.

O modelo da Deputación é público: titularidade e xestión cen por cen públicas, dirección e control públicos, residencias no propio concello e un sistema de prezos progresivo no que quen menos ten, menos paga. Fronte a el, a Xunta vén de anunciar un plan de residencias que abre ata o 40 % das prazas á xestión privada e que non garante que un veciño poida acceder á residencia do seu concello. Un plan que, ademais, non prevé obras antes de 2027 e non contempla nin unha soa residencia no concello de Lugo.

Ademais, os datos independentes confirman o diagnóstico. O último Índice de Desenvolvemento dos Servizos Sociais, elaborado pola Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais, sitúa a Galicia no posto 11 de España, cun 4,98 sobre 10: suspenso. Ese é o balance de case dúas décadas de xestión.

Os números da provincia acaban de retratar o desequilibrio. A rede provincial de residencias supón un custo de arredor de 2,5 millóns de euros anuais que asume integramente a Deputación, que achega uns 720 euros ao mes de media por residente para que ninguén pague o custo real da praza. E faino cun orzamento de 135 millóns de euros para todas as súas competencias, estradas incluídas, mentres a Xunta dispón de 1.473 millóns só para servizos sociais. Quen ten a competencia e os cartos mira para outro lado; quen non ten nin unha cousa nin a outra, sostén o servizo.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista presenta para o seu debate e aprobación os seguintes

ACORDOS

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta á Xunta de Galicia, en exercicio das súas competencias en materia de servizos sociais, a:

1.- Apostar por un modelo de residencias públicas de titularidade e xestión cen por cen públicas, desbotando a privatización de prazas e a colaboración público-privada como vía preferente; e, no que respecta ao novo plan de residencias da Xunta, publicar os criterios técnicos de selección dos concellos, garantir que a totalidade das

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	25/45

prazas sexan de titularidade pública, e dotar cada centro anunciado de orzamento e data certa de execución.

2.- Asumir o financiamento que lle corresponde na atención residencial aos maiores da provincia de Lugo, mediante unha transferencia finalista anual á Deputación de Lugo que cubra o custo de arredor de 2,5 millóns de euros que asume a rede provincial de residencias públicas, en cumprimento da súa competencia en materia de servizos sociais.

3.- Incrementar o investimento en servizos sociais na provincia de Lugo, priorizando a creación e o sostemento de prazas públicas nas residencias de maiores en funcionamento e en proxecto, e poñendo fin á política de abandono que padece esta provincia, a máis avellentada e con menos prazas residenciais de Galicia.

4.- Colaborar de xeito leal e responsable coa Deputación de Lugo no apoio aos proxectos de residencias públicas, deixando de lado a difusión de informacións falsas e traballando en favor das persoas maiores e das súas familias.

5.- Dar traslado do presente acordo á Presidencia da Xunta de Galicia e á Consellería de Política Social e Igualdade."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG, preséntase unha emenda de engádega, do seguinte teor:

"A Deputada Provincial Iria Castro Fernandez, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta a consideración e aprobación do Pleno, para dar traslado, a seguinte emenda de engádega na moción do Grupo Provincial Grupo Provincial Socialista de título "Moción do Grupo Provincial Socialista para esixir á Xunta de Galiza un modelo de residencias 100% público e o financiamento da rede provincial de residencias da Deputación de Lugo."

EMENDA DE ENGADEGA ao 2 segundo punto da proposta de acordo:
Despois de: "... en cumprimento da súa competencia en materia de servizos sociais."

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	26/45

Engadir: “E asumir así mesmo, o financiamento das residencias públicas de titularidade municipal en igualdade de condicións.”

Por parte do Grupo propoñente da moción acéptase a emenda presentada, quedando redactada a moción do seguinte xeito:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción para esixir á Xunta de Galicia un modelo de residencias 100% público e o financiamento da rede provincial de residencias da Deputación de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A provincia de Lugo é unha das máis avellentadas de Galicia: o 33,7 % da súa poboación supera os 60 anos, seis puntos por riba da media galega. E, ao tempo, é a provincia con menos prazas residenciais da comunidade. Ese desequilibrio —máis maiores e menos recursos— é o contexto no que hai que xulgar o que fai cada administración.

A atención ás persoas maiores e dependentes é, por lei, unha competencia da Xunta de Galicia, segundo a Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, que lle atribúe o liderado, a planificación e o financiamento do sistema. E, aínda así, a Xunta leva máis de dúas décadas sen construír unha soa residencia pública nesta provincia.

Ante ese baleiro, a Deputación de Lugo asumiu unha responsabilidade que non lle corresponde. Hoxe conta con nove residencias públicas en funcionamento e outras oito en construción ou proxectadas —dezasete en total—, con 47 millóns de euros mobilizados entre 2019 e 2026. Na súa maioría, están situadas en concellos do rural onde, sen residencia pública, os nosos maiores terían que marchar para rematar a vida lonxe da súa casa e da súa xente. Unha praza preto do fogar é a diferenza entre envellecer na propia terra ou fóra dela.

O modelo da Deputación é público: titularidade e xestión cen por cen públicas, dirección e control públicos, residencias no propio concello e un sistema de prezos progresivo no que quen menos ten, menos paga. Fronte a el, a Xunta vén de anunciar un plan de residencias que abre ata o 40 % das prazas á xestión privada e que non garante que un veciño poida acceder á residencia do seu concello. Un plan que, ademais, non prevé obras antes de 2027 e non contempla nin unha soa residencia no concello de Lugo.

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	27/45

Ademais, os datos independentes confirman o diagnóstico. O último Índice de Desenvolvemento dos Servizos Sociais, elaborado pola Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais, sitúa a Galicia no posto 11 de España, cun 4,98 sobre 10: suspenso. Ese é o balance de case dúas décadas de xestión.

Os números da provincia acaban de retratar o desequilibrio. A rede provincial de residencias supón un custo de arredor de 2,5 millóns de euros anuais que asume integramente a Deputación, que achega uns 720 euros ao mes de media por residente para que ninguén pague o custo real da praza. E faino cun orzamento de 135 millóns de euros para todas as súas competencias, estradas incluídas, mentres a Xunta dispón de 1.473 millóns só para servizos sociais. Quen ten a competencia e os cartos mira para outro lado; quen non ten nin unha cousa nin a outra, sostén o servizo.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista presenta para o seu debate e aprobación os seguintes

ACORDOS

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta á Xunta de Galicia, en exercicio das súas competencias en materia de servizos sociais, a:

1.- Apostar por un modelo de residencias públicas de titularidade e xestión cen por cen públicas, desbotando a privatización de prazas e a colaboración público-privada como vía preferente; e, no que respecta ao novo plan de residencias da Xunta, publicar os criterios técnicos de selección dos concellos, garantir que a totalidade das prazas sexan de titularidade pública, e dotar cada centro anunciado de orzamento e data certa de execución.

2.- Asumir o financiamento que lle corresponde na atención residencial aos maiores da provincia de Lugo, mediante unha transferencia finalista anual á Deputación de Lugo que cubra o custo de arredor de 2,5 millóns de euros que asume a rede provincial de residencias públicas, en cumprimento da súa competencia en materia de servizos sociais e asumir así mesmo, o financiamento das residencias públicas de titularidade municipal en igualdade de condicións.

3.- Incrementar o investimento en servizos sociais na provincia de Lugo, priorizando a creación e o sostemento de prazas públicas nas residencias de maiores en funcionamento e en proxecto, e poñendo fin á política de abandono que padece esta provincia, a máis avellentada e con menos prazas residenciais de Galicia.

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	28/45

4.- Colaborar de xeito leal e responsable coa Deputación de Lugo no apoio aos proxectos de residencias públicas, deixando de lado a difusión de informacións falsas e traballando en favor das persoas maiores e das súas familias.

5.- Dar traslado do presente acordo á Presidencia da Xunta de Galicia e á Consellería de Política Social e Igualdade."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, da o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, a Presidenta manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, da o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade da Presidenta, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=7

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALIZA AXUDAS DIRECTAS AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO POLOS DANOS E PERDAS OCASIONADOS POLA SECA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

"A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	29/45

reclamar á Xunta de Galiza axudas directas ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo polos danos e perdas ocasionados pola seca.

Os efectos do cambio climático teñen un impacto crecente no sector agrogandeiro con episodios de seca que cada vez son máis frecuentes e intensos, provocando perdas económicas e graves problemas na viabilidade de todos os ámbitos produtivos do sector primario da provincia de Lugo.

A seca xeneralizada, provocada por numerosos meses de precipitacións por debaixo da media xunto con episodios extremos de calor continuados, está a comprometer a viabilidade económica das granxas en todos os sectores.

Na carne, a recollida de forraxes foi escasa e en moitos casos o pastoreo resultou inviable ata dous meses antes do habitual, o que agrava a situación porque moitas granxas xa están a consumir a forraxe reservada para o inverno. Comezan ademais a detectarse casos nos que o subministro de auga non chega a cubrir as necesidades do gando.

No sector do leite, a seca está a provocar unha grave escaseza de alimento para o gando no presente e afectará tamén a futuro, ao reducir de maneira considerable a produción de millo forraxeiro ou herba destinados a garantir a alimentación da nosa cabana gandeira nos vindeiros meses.

No sector apícola e nas producións de horta, as colleitas sufriron perdas en máis da metade e nalgúns casos non chegan sequera a desenvolverse, o que a medio prazo supón poñer en risco a continuidade destes proxectos.

A redución na produción está obrigando xa, a determinadas granxas, en especial nos casos de manexo con gandería extensiva, a botar man anticipadamente das reservas almacenadas, reducindo así os recursos cos que debería afrontar o inverno ou a mercar forraxes para o seu consumo, feito que xera unha enorme preocupación entre os/as gandeiros/as.

Esta situación é especialmente grave nun territorio cunha importante presenza de explotacións de vacún de leite e de carne, como a provincia de Lugo, motor da economía local de moitas comarcas como a Terra Chá, Sarria, a Mariña ou Ancares-Courel, xa que a alimentación representa unha parte fundamental dos custos de produción.

A diminución da produción propia de forraxe obriga as explotacións a incrementar a compra de alimentación exterior, provocando un aumento dos custos e reducindo directamente as marxes económicas das granxas.

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	30/45

A seca está comprometendo o desenvolvemento das plantas e reducindo os rendementos, ao tempo que as altas temperaturas, determinadas pragas ou o xabaril están agravando os danos.

A resposta das administracións non pode limitarse á adopción de medidas cando o problema xa alcanzou situacións de emerxencia. Cómpre establecer mecanismos de anticipación que permitan identificar con suficiente antelación os danos provocados pola seca, cuantificar as perdas e activar automaticamente medidas de apoio ás explotacións afectadas.

Neste sentido, resulta imprescindible que a Xunta de Galiza realice unha avaliación específica dos efectos da seca, tanto sobre os recursos hídricos dispoñibles para as explotacións como sobre a produción de herba, millo, forraxes e outros cultivos destinados á alimentación do gando.

Galiza necesita unha estratexia estable de adaptación do sector primario ao cambio climático que teña como piares a planificación dos recursos hídricos, a prevención, a innovación e o asesoramento técnico para garantir o futuro da produción alimentaria galega.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1.- Instar á Xunta de Galiza a activar unha liña extraordinaria de axudas directas ás explotacións agrogandeiras afectadas pola seca, destinada a compensar as perdas de produción e o incremento dos custos derivados da adquisición de forraxes e alimentación para o gando.

2.- Esixir da Xunta de Galiza o establecemento de axudas específicas para a adquisición conxunta e transporte de forraxes, garantindo o abastecemento das explotacións que non dispoñan de reservas suficientes para alimentar o gando.

3.- Demandar da Xunta de Galiza o incremento dos investimentos públicos destinados á creación e mellora de pequenas infraestruturas de almacenamento de auga para uso agrogandeiro, priorizando as zonas rurais con maior vulnerabilidade fronte á seca.

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	31/45

4.- Solicitar da Xunta de Galiza, a autorización de xeito temporal para o emprego de herba seca ou forraxes de produción convencional obtidos na proximidade para contrarrestar a perda de comida nas producións ecolóxicas de Galiza, de xeito provisional, mentres persistan as circunstancias actuais e baixo o cumprimento da normativa europea.

5.- Requirir da Xunta de Galiza a realización de xeito inmediato dunha avaliación específica dos danos provocados pola seca no sector primario das comarcas agraogandeiras da provincia de Lugo, identificando o impacto sobre prados, pastos, cultivos forraxeiros, millo e demais producións destinadas á alimentación animal.

6.- Instar da Xunta de Galiza a elaboración dun mapa das explotacións afectadas pola crise forraxeira, cuantificando a redución da produción de forraxe e as necesidades de alimentación previstas para os próximos meses.

7.- Instar da Xunta de Galiza, os recursos necesarios para priorizar os proxectos do Centro de Investigación Agraria de Mabegondo (CIAM) encamiñados ao estudo da adaptación dos cultivos ás novas condicións climatolóxicas máis adversas e extremas, así como aos grupos de investigación das universidades galegas no ámbito da emerxencia en sanidade animal e humana pola aparición de novas enfermidades e epizootías de recente chegada e introdución no noso territorio."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, da o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24: votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes aos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=8

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR EN DEFENSA DA SOBERANÍA ESPAÑOLA SOBRE CEUTA E MELILLA E PARA RECLAMAR AO GOBERNO DE ESPAÑA MEDIDAS ANTE OS GRAVES ACONTECEMENTOS PRODUCIDOS EN CEUTA.

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	32/45

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción en defensa da soberanía española sobre Ceuta e Melilla e para reclamar ao goberno de España medidas ante os graves acontecementos producidos en Ceuta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os acontecementos vividos en Ceuta a finais do pasado mes de xullo, que aínda se prolongan, tras a entrada irregular e masiva de persoas procedentes de Marrocos que desbordou as capacidades ordinarias desta Cidade Autónoma e puxeron de manifesto a necesidade de contar con políticas eficaces, coordinadas e capaces de responder a situacións excepcionais, así como tamén xeraron unha onda de solidariedade e apoio cos cidadáns ceutís á que Galicia non é allea.

O sucedido non pode ser considerado unicamente como un problema de carácter local. O control das fronteiras, a política migratoria, a seguridade, as relacións internacionais e a defensa da integridade territorial son competencias que corresponden ao Goberno de España e que deben exercerse con previsión, firmeza e coordinación co resto das administracións.

Ante unha situación destas características, a primeira obriga do Goberno de España debe ser recuperar a normalidade, garantir a seguridade, identificar as persoas que accederon irregularmente ao territorio nacional e aplicar os procedementos previstos na lexislación española, europea e internacional en función das circunstancias de cada caso.

Especial preocupación merecen as denuncias de agresións sexuais, acoso e situacións de intimidación sufridas por mulleres durante estes acontecementos, así como a especial vulnerabilidade de mulleres e nenas ante escenarios de desorde e inseguridade. A súa protección debe constituír unha prioridade absoluta para os poderes públicos, reforzando os dispositivos de prevención, seguridade, atención e acompañamento ás vítimas. Neste contexto, resulta difícil de comprender que a ministra de Igualdade tardase tantas semanas en desprazarse a Ceuta para coñecer directamente a situación e mostrar o respaldo do Goberno ás mulleres afectadas.

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	33/45

Galicia comparte plenamente a solidariedade coa Cidade Autónoma de Ceuta, coas súas institucións e cos seus cidadáns, e recoñece o esforzo realizado polos servizos públicos, polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, polas Forzas Armadas e polos servizos de emerxencias durante estes días.

Esa solidariedade debe ser compatible coa esixencia de responsabilidades ao Goberno de España no exercicio das súas competencias. Non parece razoable que a resposta habitual a unha crise consista en trasladar posteriormente as súas consecuencias ás comunidades autónomas, por exemplo, cando estas teñen que asumir a atención de menores migrantes non acompañados a través dos seus sistemas de protección.

Por outra banda, os acontecementos de Ceuta tamén fan necesario reafirmar con claridade a soberanía española sobre Ceuta e Melilla. Ambas cidades forman parte inseparable de España, do seu ordenamento constitucional e da súa realidade histórica, política e social.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporación Provincial de Lugo acorda:

1.- Manifestar o seu firme apoio, solidariedade e proximidade coa Cidade Autónoma de Ceuta, coas súas institucións e con todos os ceutís ante os graves acontecementos producidos, e expresar o seu compromiso inequívoco coa defensa da súa seguridade, convivencia, dereitos e liberdades.

2.- Recoñecer solemnemente a inquebrantable pertenza de Ceuta e Melilla a España, sustentada na historia, no Dereito, no noso ordenamento constitucional e democrático e, de maneira inequívoca, na vontade libre e manifesta dos seus cidadáns; e rexeitar de forma rotunda calquera actuación que, mediante declaracións ou pola vía dos feitos, pretenda cuestionar ou menoscabar a soberanía nacional e a integridade territorial de España, proclamando que Ceuta e Melilla son parte inseparable de España e que a súa soberanía non se cuestiona, non se negocia e se defende.

3.- Manifestar o seu recoñecemento e agradecemento ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, ás Forzas Armadas, á Policía Local, aos servizos de emerxencias e a todos os empregados públicos que traballaron e continúan traballando en defensa da seguridade, da convivencia e dos dereitos dos cidadáns de Ceuta.

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	34/45

4.- Instar ao Goberno de España a:

a) Despregar e manter en Ceuta todos os recursos, medios e capacidades necesarios, incluídos cantos recursos extraordinarios resulten precisos, ata garantir a recuperación plena da normalidade, a seguridade, a orde pública e o exercicio efectivo dos dereitos fundamentais e constitucionais dos ceutís.

b) Identificar a todas as persoas que accederon irregularmente ao territorio español a través de Ceuta durante estes acontecementos e promover e executar os procedementos de retorno e readmisión que correspondan, en cada caso, aplicando con axilidade os procedementos individuais legalmente establecidos e utilizando todos os mecanismos de cooperación bilateral e europea dispoñibles.
c) Exercer plenamente as competencias que constitucional e legalmente lle corresponden en materia de control de fronteiras, inmigración, seguridade e relacións internacionais, evitando trasladar á Cidade Autónoma de Ceuta ou ás comunidades autónomas as consecuencias e responsabilidades derivadas de competencias que corresponden ao Estado.

d) Extremar a protección das mulleres e nenas, especialmente das que se atopen en situación de vulnerabilidade, fronte a calquera agresión sexual, acoso, intimidación ou violencia, reforzando os medios de prevención, seguridade, atención e asistencia ás vítimas; así como reclamar a implicación directa do Ministerio de Igualdade ante os feitos denunciados en Ceuta.

e) Esixir ao Reino de Marrocos o cumprimento efectivo das súas obrigas e compromisos de cooperación con España en materia de control fronteirizo, loita contra a inmigración irregular e readmisión e retorno dos seus nacionais, empregando para iso todos os instrumentos diplomáticos e de cooperación bilateral dispoñibles.”.

Neste punto incorpórase a Sra. Deputada Dona María del Pilar García Porto, e substitúe ó Señor Deputado D. Pablo Rivera Capón.

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención da Señora Presidenta da Comisión Dª. María del Carmen López Moreno, dos señores/as Deputados/as María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e Dª. María Sol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, da señora Deputada Dª. Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	35/45

Efectuada a votación, e verificada a mesma, da o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e polo señor deputado non adscrito).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, a Presidenta manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, da o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e polo señor deputado non adscrito). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade da Presidenta, acorda rexeitar a proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=9

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA REPROBACIÓN DE ACORDOS DO GOBERNO PROVINCIAL EN RELACIÓN ÁS PENALIZACIÓNS A CONCELLOS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para reprobación de acordos do goberno provincial en relación ás penalizacións a concellos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xustiza anula e deixa sen efecto a resolución sancionadora da Deputación Provincial de Lugo con data 15 de maio de 2025 pola que se impuxo ao Concello de Ribadeo unha sanción de 25.000 euros por realizar, ante a falta de resposta por parte do ente provincial que ten a competencia sobre o mantemento da rede viaria da Deputación

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	36/45

de Lugo, labores de desbroce en vías provinciais que supoñían un risco para os usuarios pola acumulación de vexetación nas cunetas e a presenza de maleza nas vías.

Recentemente coñeciamos o fallo que lle dá a razón ao Concello de Ribadeo e supón un novo revés xudicial neste ano 2026 para o goberno provincial de PSOE e BNG á fronte da Deputación de Lugo; despois de perder nos xulgados por pasar os traballadores de Suplusa a Tragsa e por non cumprir o convenio para a construción e posta en marcha da residencia comarcal de Becerreá.

Por unha banda, o Tribunal Supremo (TS) declaraba nula, como sostiña o Grupo Provincial Popular, a compra dunha acción de Tragsa por parte da Deputación de Lugo e as posteriores encomendas de xestión á devandita empresa pública que supoñía readmitir na Deputación de Lugo aos traballadores de Suplusa que botaron a Tragsa.
E, por outra, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) condenaba á Deputación de Lugo a abrir e poñer en marcha a residencia de maiores de Becerreá dando por probada a "inactividade" do ente provincial no cumprimento do convenio firmado co Concello en decembro do 2016.

En relación ao recurso presentado polo Concello de Ribadeo, a Xustiza considera que a súa actuación foi correcta á vista da "necesidade evidente" de acometer uns traballos aos que previamente instara á administración competente a acometer e da falta de resposta por parte da Deputación Provincial ante a que optou por executar eses labores co obxectivo de preservar a seguridade dos veciños e usuarios das vías.

Desta resolución despréndese que Deputación de Lugo ten a obriga de cumprir cos seus cometidos en todos os municipios da provincia, sen importar a cor política de quen goberne en cada Concello.

Así, vén a confirmar tamén o sectarismo que impera no goberno provincial de PSOE e BNG -tanto baixo a presidencia de José Tomé coma de Carmela López porque, en ambos casos, está integrado polos mesmos membros- cara aos Concellos gobernados polo Partido Popular como é o Concello de Ribadeo.

Esta resolución xudicial evidencia o prexuízo económico que a actitude autoritaria de José Tomé pretendía causar aos veciños e veciñas de Ribadeo ao impoñer ao Concello unha sanción de 25.000 euros que debería dirixir a outras obras ou á prestación doutros servizos públicos.

E todo co consentimento e a complicidade do goberno provincial de PSOE e BNG incluíndo a actual presidenta, Carmela López, que no momento no que se tramitaba a

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	37/45

sanción formaba parte do seu goberno e que, posteriormente, á fronte da institución provincial se puido ter allanado do procedemento evitando o litixio e o gasto de máis recursos públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporación Provincial de Lugo acorda:

1.- Reprobar a José Tomé como responsable principal desta decisión e esixir ao goberno provincial que o amparou, desculpas públicas aos veciños e veciñas de Ribadeo polos prexuízos dunha sanción imposta dende a Deputación de Lugo ao Concello por realizar, como medida de emerxencia ante o risco para os veciños e usuarios das vías provinciais, labores de desbroce que lle corresponden á Deputación de Lugo e ás que o goberno provincial non dera resposta.

2.- Instar ao goberno provincial a priorizar a lealdade institucional, a cooperación, a axuda e a coordinación cos Concellos por riba de calquera outro principio ou interese e, polo tanto, absterse de sancionar e perseguir aos Concellos da provincia de Lugo".

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención da Señora Presidenta da Comisión Dª. María del Carmen López Moreno, dos señores/as Deputados/as María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e Dª. María Sol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, da señora Deputada Dª. Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, da o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e polo señor deputado non adscrito).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, a Presidenta manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, da o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos/ás señores/as

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	38/45

deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e polo señor deputado non adscrito). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade da Presidenta, acorda rexeitar a proposta presentada e anteriormente transcrita.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=10

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

11.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DOS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2026 RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Dáse conta dos informes dos meses de abril, maio e xuño de 2026 relativos ao cumprimento de prazos do real Decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=11

12.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2026 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

Dáse conta do informe do segundo trimestre de 2026 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010.

O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=12

13.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30 DE XUÑO DE 2026 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2026.

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	39/45

Dáse conta do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 30 de xuño de 2026 e previsións a 31 de decembro de 2026.

O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=13

14.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 30 DE XUÑO DE 2026.

Dáse conta da información económica da Deputación de Lugo a 30 de xuño de 2026.

O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=14

15.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SEGUIMENTO DO PEF 2025-2026 A 30/06/2026.

Dáse conta do informe de seguimento do PEF 2025-2026 a 30/06/2026.

O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=15

16.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN DE ACCIÓN 2026.

Dáse conta do Plan de Acción 2026.

O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=16

17.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DE CONTRATACIÓN MAIOR EN CUMPRIMENTO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2026 (PACF 2026).

Dáse conta do informe definitivo de control financeiro de contratación maior en cumprimento do Plan Anual de Control Financeiro correspondente ao exercicio 2026 (PACF 2026).

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	40/45

O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=17

18.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO CONSELLO DE CONTAS DE FISCALIZACIÓN DAS OBRIGAS DE REMISIÓN DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA E AVALIACIÓN DO ENTORNO DE CONTROL: CONTROL INTERNO, CONTRATOS E CONVENIOS, EXERCICIOS 2021-2023.

Dáse conta do informe do Consello de Contas de fiscalización das obrigas de remisión de información das entidades locais de Galicia e avaliación do entorno de control: control interno, contratos e convenios, exercicios 2021-2023.

O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=18

19.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE OS MESES DE XULLO E AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

Dáse conta das resolucións da Presidencia ditadas dende o día un de xullo ao trinta e un de agosto de dous mil vinte e seis, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 3564 ao 3201, e cuxas copias foron remitidas aos Grupos Políticos Provinciais.

O Pleno da Corporación queda enterado.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=19

20.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=20

21.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

A Presidenta manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	41/45

R O G O S

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, en relación cos terreos pertencentes ao Pazo de Tor, que textualmente di o seguinte:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

Os terreos da Finca de Tor (Monforte de Lemos) cunha superficie de 250 hectáreas con arboredo, parcelas cultivables e un gran estanque de auga atópanse actualmente sen uso e moi descoidados. Esta situación está a danar a imaxe deste espazo de valor histórico, cultural e paisaxístico e, polo tanto, a imaxe do municipio e da provincia.

Á vista de que moitas explotacións da zona vén limitada a súa capacidade de crecemento e modernización polas dificultades para acceder a terreos de pastos axeitados e de que os terreos da Finca de Tor están desaproveitados, o Grupo Municipal do Partido Popular de Monforte de Lemos propuxo estudar a súa cesión ordenada e regulada mediante fórmulas xurídicas adecuadas que permitan a viabilidade do sector gandeiro da zona e, ao mesmo tempo, a posta en valor destes terreos. Dende este grupo provincial facémonos eco desa demanda e trasladámola ao goberno con responsabilidades directas sobre este asunto.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo coide e impulse os mecanismos para poñer en valor os terreos pertencentes ao Pazo de Tor, en Monforte de Lemos, de modo que sexan útiles e produtivos para o entorno inmediato e da provincia."

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, en relación co estado da estrada provincial LU-P-2907, do seguinte teor:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O tramo da estrada provincia LU-P-2907 dende o enlace da LU-P-2906 ata a factoría de Novafrigsa situada en Lamablanca (Coeses) non dispón de marcas viarias e tamén carece de iluminación polo que resulta perigosa para os usuarios e usuarias, especialmente tendo en conta que, por constituír o acceso principal á factoría, rexistra

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	42/45

un gran volume de tráfico de vehículos: coches de traballadores directos e indirectos, gandeiros e incluso camións.

Trátase dunha vía moi empregada en horas con escasa luz solar polo que a visibilidade é reducida e, ademais, ten rexistrado accidentes.

O propio comité de empresa, que representa a todos os traballadores e traballadoras, ten solicitado dende hai tempo de xeito formal, a adopción de medidas coma o pintado da vía, a poda das ramas das árbores e a instalación de iluminación ante a súa perigosidade.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Adopte as medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios e usuarias da vía provincial LU-P-2907 ao seu paso por Lamablanca (Coeses) no municipio de Lugo, atendendo tamén as reclamacións dos veciños e empregados a través do comité de empresa de Novafrigsa."

P R E G U N T A S

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á explotación de diversos bens provinciais, que textualmente di o seguinte:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta:

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo aprobaba o 12 de xuño de 2026 iniciar a tramitación dun novo procedemento de concorrencia pública para a ocupación privativa, mediante o outorgamento dunha concesión demanial, que permitiría a explotación dos inmobles provinciais Náutico Ponte do Sil (Monforte de Lemos), Mazo de Santa Comba (Lugo), Náutico de Portomarín (Portomarín) e Área Recreativa dos Robles (Lugo). Igualmente, se aprobaba para o Náutico de Augasmestas (Quiroga) o 3 de xullo de 2026.

Tamén aprobaba a Xunta de Goberno, nesta mesma sesión, iniciar a tramitación dun procedemento de concorrencia pública para a cesión de uso, mediante a celebración dun contrato de arrendamento, que permitiría a explotación do ben provincial denominado embarcadoiro de Os Chancís situado no Concello de Sober e das parcelas

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	43/45

de referencia catastral 27041A073018650000AZ e 27041A073018650001SX incluídas no inmoble provincial denominado Edificación e Leiras en Maiorga (Pantón).

Unha vez pasada a temporada de verán sen que figure ningún avance nestes procedementos máis alá da convocatoria da Mesa de Contratación para o 24 de xullo de 2026 en todos os casos, excepto para o Náutico de Augasmestas. A Mesa de Contratación para a apertura de ofertas do procedemento para a explotación deste último inmoble provincial foi convocada para o 17 de setembro de 2026; despois de que a Deputación de Lugo se vira obrigada a suspender o prazo de presentación de ofertas debido as queixas dos interesados pola documentación incompleta en relación ao procedemento.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

En que situación se atopan estas licitación e para cando ten prevista o goberno provincial a efectiva explotación destes bens provinciais?"

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ás peticións e solicitudes trasladadas polos alcaldes e alcaldesas dos concellos da provincia, do seguinte teor:

"Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta:

O artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local recolle as competencias propias das Deputacións Provinciais entre as que se atopa a "asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión". Polo tanto, a propia lei establece o deber da Deputación Provincial de colaborar cos Concellos da provincia.

A presidenta da Deputación de Lugo presumía, facendo balance dos seus primeiros meses á fronte do goberno provincial, de terse reunido con alcaldes e alcaldesas de distintas cores políticas que deron traslado persoalmente de demandas e necesidades detectadas dende os Concellos da provincia en relación ás competencias da Deputación Provincial. Así mesmo, os rexedores e rexedoras poden dirixirse formalmente á institución provincial tamén a través doutros sistemas.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	44/45

Cal é o grao de cumprimento real por parte do goberno provincial das peticións e solicitudes trasladadas a través de distintas canles polos alcaldes e alcaldesas dos distintos Concellos da provincia?"

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260929&punto=21

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta e dous minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO,

	IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Fecha y Hora**	13/10/2026 13:35:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77XQBOZ7ZD2TG5WXQQEZBTEE	**Página**	45/45